



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

A **Consellería de Economía e Industria**, representada pola Axencia Galega de Innovación (GAIN) e o IGAPE, estará presente os vindeiros días **20 ao 22 de maio** na **Feira Internacional da Industria Naval, Navalia**, en Vigo (Recinto Feiral IFEVI).

A Consellería contará cun **stand propio (F15)** na feira onde ofrecerá de xeito continuado información, orientación e asesoramento a empresas e entidades. En concreto, a Axencia Galega de Innovación ofrece a posibilidade de manter **reunións bilaterais** cos posibles interesados para asesorar sobre as posibilidades de financiamento en programas internacionais de I+D+i, as ferramentas de apoio de GAIN á participación nestas convocatorias así como outros servizos da Axencia a empresas.

Ademais, GAIN realizará unha serie de **presentacións** no Stand da Consellería durante os tres días do evento, que se detallan a continuación:

Martes, 20 de maio:

10:30-12:30h : **Presentación de liñas de axudas e servizos a empresas da Axencia Galega de Innovación:** OPIDI, Enterprise Europe Network, Bonos de Innovación).

Mércores, 21 de maio:

10:00-11:45h : **Info day sobre Horizon 2020: Oportunidades de participación do sector naval.** Para participar nesta xornada é necesario rexistrarse a través do seguinte [formulario online](#).

12:00-12:30h: **Presentación da ferramenta para a avaliación da eficiencia enerxética en embarcacións** (desenvolvida no marco do proxecto europeo Refresh)

12:30-14:00h: **Mesa redonda "Oportunidades de innovación derivadas das novas normativas ambientais e de seguridade".**
Participantes: SASEMAR (Sociedade de Salvamento e Seguridade Marítima) e Lloyd 's Register.

Xoves, 22 de maio:

11:00 a 13:00 h: **Sesión de Brokerage** de apoio á participación de PEMEs do sector naval nas convocatorias de Horizon 2020e **Presentación da guía de posibilidades de financiamento** da I+D+i para o sector marítimo en Horizon 2020.

Para poder asistir a calquera destas presentacións, debes estar inscrito/a como visitante á feira. Podes rexistrarte na seguinte [ligazón](#).

Agardando que esta información sexa do teu interese, despedímonos até o próximo xoves!



Se non desexa recibir este boletín pode vostede darse de baixa enviando un mail a informa.gain@xunta.es dende a conta na que desexe anular a suscripción.